

Panorama histórico da literatura infantil colombiana

Beatriz Helena Robledo

[Recibido, marzo 2008; aceptado, xuño 2008]

RESUMO Neste artigo a autora fai un percorrido polo desenvolvemento da literatura infantil colombiana. Iníciase cun repaso pola reelaboración da tradición oral colombiana, que bebe de tres vertentes: a española, a indíxena e a africana. Logo bota unha ollada ao tipo de lecturas que facían os nenos na época colonial, centradas na función de adoutramento á relixión católica. Durante o século XIX sinala a literatura costumista e a obra poética de Rafael Pombo como a única produción para a infancia. Localiza na década dos anos trinta do século XX o momento no que xorde a literatura infantil colombiana nos espazos culturais e no que se valora neno como suxeito cultural. Fai un achegamento á obra dos autores máis importantes deste período. Sitúa os anos setenta como unha época de rexurdimento da literatura infantil colombiana despois dun período de silencio debido á violencia dos anos cincuenta. Sinala a década dos anos noventa como un período no que se dá outro cambio importante na concepción da nenez e como isto se reflicte na concepción dos personaxes literarios capaces de percibir o mundo dende a súa propia visión. Finalmente reflexiona sobre a necesidade de que o país valore máis os nenos para lograr así un mellor desenvolvemento da literatura infantil en todo o seu circuíto, dende a produción, pasando pola inserción nos espazos académicos até a súa recepción.

PALABRAS CHAVE: conexións literatura-infancia, infancia, literatura infantil colombiana.

ABSTRACT This article is an overview of Colombian children's literature. It begins with an examination of the reconstitution of Colombian oral traditions, which derive from three sources: Spanish, Indigenous and African, and goes on to look at the kind of books that children read in the colonial period, basically focussed on the promulgation of the Catholic faith. During the 19th century the only literature produced for children was regionalist or the poetry of Rafael Pombo. Robledo locates the moment at which the child is appreciated as a target in the cultural ambience in the nineteen-thirties, and she gives a conspectus of the relevant authors of the period. She then notes that in the seventies there was a revival of children's literature in Colombia, after a period of inactivity dating from the violence of the fifties. It was during the nineties that there was another radical change in attitude towards the child in society, and she shows how this was

reflected in the creation of literary characters capable of viewing the world from their own perspective. She concludes with some considerations on the need for society to place more emphasis on the needs of children so that literature aimed at them should be more valued in all domains, from production, via academic evaluation, to its reception by the target audience.

KEYWORDS: Colombian children's literature; childhood; connexion between literature and childhood.

Introdución

Se a literatura dun país ou dun grupo social reflicte dun ou doutro xeito as concepcións, ideoloxías, crenzas e imaxinarios dunha época determinada, a literatura infantil faino dobremente, na medida en que nela se pode desentrañar, ademais, a noción que nunha sociedade ou nunha época se ten sobre a infancia.

En Colombia a produción literaria destinada aos nenos con intencións estéticas e culturais é unha manifestación relativamente recente e foise afianzando pouco a pouco. De igual xeito, e nunha estreita relación, a valoración do neno como suxeito independente do adulto, cunha cultura que lle é propia ao universo da infancia, tamén se foi transformando.

Dunha concepción do neno como “adulto en pequeno” propia da época colonial, na cal as relacións que este tiña coa arte da linguaxe eran sobre todo a través da tradición oral nos espazos familiares e comunitarios, ou con textos relixiosos, doutrinarios ou moralistas nos establecementos educativos, foise pasando ao coñecemento dalgúns lecturas literarias escritas por adultos que, aínda que non pensasen nos nenos ao crealas, puideron deixarlles algunha ensinanza, xa fose de carácter moral, relixiosa ou social. Esta concepción pedagóxica da literatura infantil característica do século XIX foi variando pouco a pouco a medida que se avanzaba cara ao século XX e se daban transformacións sociais e culturais que lle permitiron ao país ir entrando nos procesos de modernización.

A aparición da literatura infantil nos espazos propios da cultura é un indicio de modernidade. É unha conquista do pensamento moderno considerar o neno como un suxeito cultural con capacidades para crear e interpretar o seu ámbito e non como un obxecto colonizado polo adulto. Estes cambios na

noción da infancia fóronse dando paulatinamente da man doutros como, por exemplo, os procesos de urbanización que conducen á necesidade de educar esa poboación acabada de chegar ás cidades; a importancia da educación e alfabetización como condicións para a democratización dunha sociedade, entre outros. Estes cambios producen á súa vez, unha maior comprensión da nenez como unha idade con características psicolóxicas e culturais de seu.

No noso país este nacemento da literatura infantil nos espazos culturais e o desprendemento paulatino da institución escolar, pódese situar nos anos trinta do século pasado. Nesta época é posíbel, ademais de sinalar un número variado de autores que escriben para a infancia, situar os inicios das diferentes correntes literarias infantís.

As primeiras décadas do século XX son anos de esquecemento para a literatura infantil colombiana. É un período descoñecido para os lectores actuais, e mesmo para os poucos investigadores que se ocuparon do tema. Hai que esperar aos anos setenta para que esta literatura comece a posicionarse cada vez máis dentro dos diferentes circuítos culturais, xerándose un rexurdimento, pero tamén recibindo o impulso por parte das editoriais e doutros sectores sociais que comezan a darse conta de que o neno, ademais de ser un consumidor por excelencia, é un receptor activo, lúdico e creativo.

121

Nos espazos académicos é recente o interese por coñecer e estudar a literatura infantil, e é aínda moi marxinal a súa presenza, presentándose con maior importancia naquelas facultades de educación ou de carreiras afíns, o que demostra a dependencia que aínda hoxe en día ten a literatura para os nenos coa pedagogía escolar. É moi lento o proceso a través do cal a literatura infantil se vai internando nos diferentes espazos culturais, até chegar algún día a compartir a mesa, en igualdade de condicións, con manifestacións máis próximas como, por exemplo, a literatura para adultos, aquela supostamente escrita con maiúsculas.

A tradición oral

A nosa tradición oral, como a dos demais países de América Latina, é resultado da fusión de tres vertentes culturais: a indíxena, a africana e a española.

Conviven así, na nosa memoria colectiva, os mitos, lendas, contos e cantos dos indíxenas, coa rica canteira de arrollos, cancións e relatos propios da cultura africana, recreada polos negros escravos e, finalmente, os romances, os contos antigos e os xogos provenientes da tradición hispánica, quizais o legado maior, recibido por xeracións enteiras de colombianos.

A tradición española é, talvez, a nosa herdanza máis lexitimada, pero tamén a máis reelaborada a través das institucións educativas, gobernamentais e relixiosas encargadas de fusionar esa mestura cultural e devolvela intencionalmente depurada ás novas xeracións.

Na rexión cundiboiacana, por exemplo, a narrativa de tradición española fíxase a raíz da fundación de Santa Fe, por medio da institución da Encomenda. Elisa Mujica, no seu estudo sobre *Las raíces del cuento popular en Colombia*, atribúelle un papel importante ás mulleres españolas nesta difusión, ás que veñen a América detrás dos seus homes, irmáns, pais e familiares e comezan, elas tamén, a manexar as encomendas. Di:

Es fácil suponer que en los atardeceres, concluido el adoctrinamiento y las labores ordinarias, se reunieran las señoras con sus subordinados, para enseñar a las indias a confeccionar sayos y jubones y a preparar platos de cocina a usanza de Castilla... De los labios de las españolas saltaría el cuento, o “poesía narrativa” como ha sido denominado, hermano del romance, que había sido contado a su vez por las abuelas en las noches de invierno españolas... (Mujica, 1985: 10).

Nesa máxica fusión propia das leis da tradición oral, van xurdindo seres fantásticos, con poderes provenientes xa de Deus, xa do demo, xa das forzas da natureza, xa doutros deuses, seres que forman parte esencial da nosa cultura, como a Madremonte, a Patasola, o Mohán, o Hojarasquín, os cales son creacións auténticamente americanas, propias da mestizaxe cultural.

É así como os personaxes e as estruturas dos contos maravillosos e dos contos máis antigos de Europa, África e América se harmonizan cos hábitos, paisaxes, costumes e crenzas locais, creando unha fonte propia, case inesgotábel de historias, lendas, poemas narrativos, mitos, legado do que se apropiaron os nenos de xeración en xeración.

A recompilación desta tradición foi obxecto do traballo de moitos folcloristas e, á vez, foi fonte e motivo de recreación por parte de varios autores da

literatura infantil. No noso país, o primeiro en facelo foi Rafael Pombo quen se nutriu de fontes da oralidade da tradición inglesa e de moitas fábulas universais. Non obstante, só no século XX atopamos autores que botan a súa mirada á tradición oral colombiana para devolvela intencionadamente aos nenos lectores. É o caso de Euclides Jaramillo Arango, escritor caldés, que recrea as aventuras do pícaro Tío Conejo, personaxe popular que só necesita da astucia e o enxeño para sobrevivir; mago en artimañas e trucos enxeñosos para conseguir o seu alimento ou para escapar das trampas que lle poñen o tigre, a raposa, o león ou o home. Este libro titulado *Las aventuras del pícaro Tío Conejo* foi publicado por primeira vez pola editorial Iqueima en 1950 e recibiu en 1949 mención honorífica no concurso literario convocado pola Caja Colombiana de Ahorros.

Poderíamos situar *Las aventuras del pícaro Tío Conejo* como o libro que inaugura, cunha intención máis deliberada, unha corrente das letras infantís en Colombia, que é a de recrear para os nenos as diferentes fontes da tradición oral. Nesta liña podemos situar escritores posteriores como Carlos Castro Saavedra nos contos en que retoma personaxes da tradición popular como o demo; Hernando García Mejía coa recreación de personaxes dos pobos antioquienses; Hugo Niño, quen recolle mitos e relatos dos diferentes grupos aborixes colombianos como os Ticuna, os Arwacos, os Emberá, entre outros, que aínda teñen vixencia e reelabóraos con moito respecto pola palabra do outro; Leopoldo Berdella de la Espriella, morto moi novo pero que deixou algúns libros, como *Las aventuras del Tío Conejo*, *Juan Sábalo*, *Koku-yó*, nos que recrea personaxes e motivos da tradición oral e os reconstrúe sobre estruturas modernas propias da literatura escrita, ganduxados nunha secuencia propia da novela, ou os actualiza introducindo o neno moderno como personaxe da historia.

123

O neno colonizado

Unha literatura infantil durante a época colonial é algo impensábel. Se o imaxinario dos adultos estaba colonizado e controlado por mecanismos tan rixidos e violentos como o Santo Tribunal da Inquisición, ou o adoutrinamento a través da lectura de libros piadosos e edificantes, vidas de santos, de varóns ilustres, sermóns, etc., que diremos dos nenos!

Nun curioso libro publicado en 1928, titulado *Literatura colonial y popular de Colombia*, o escritor Gustavo Otero Muñoz, fai unha interesante relación

entre a Inquisición e a produción literaria en Nova Granada. Ao referirse á conformación do Santo Tribunal da Inquisición en Cartaxena de Indias en 1610, di:

Este suceso no debe pasarse en silencio en nuestra historia literaria. Sabido es que aquel tribunal tenía en sus manos la vigilancia para que se diese estricto cumplimiento a la prohibición de introducir en América no sólo los libros heréticos y condenados, sino también “los de romances de historias varias o de profanidad, como son el Amadís y otros de esta calidad”. El oficio de tales preladados se llamaba santo por definición y su autoridad estaba por encima de la del obispo y de la del gobernador (Otero Muñoz, 1928: 68).

Nunha pormenorizada relación dos autores desa época, atopamos en gran parte libros relixiosos: biografías de santos, cadernos de rezos, relación de milagres, en fin, obras de carácter doutrinal escritas na súa maioría por sacerdotes. Se a liberdade, espazo propio da imaxinación e da arte, estaba sometida e controlada para os adultos, moito máis control se debía exercer sobre o neno, o gran colonizado en todas as épocas:

124

Al estruendo del combate, siguieron las pacíficas tareas de la enseñanza; el ruído de las armas, el suave murmullo de los niños indios que se instruían y recitaban sus primeras oraciones (Otero Muñoz, 1928: 61).

Otero Muñoz explica como na época colonial en Colombia non se deu unha literatura de carácter nacional, senón un mero reflexo dos canons establecidos pola Península. Di ao respecto:

Un carácter común distingue a toda esa produción, que abarca un lapso de máis de 250 anos, desde los comienzos del siglo XVI hasta el XIX, o sea desde la fundación de las ciudades españolas hasta la de las repúblicas americanas. Ese carácter común es la ausencia de un verdadero tipo nacional en las obras de ingenio. De ahí que el estudio de este período literario tenga más bien un atractivo histórico y documental que un interés estético.

Segundo Otero Muñoz, esas obras eran de carácter retórico e dogmático, nas cales o culto da forma aprendido dos antigos foi o seu trazo exterior. Se non existía unha literatura nacional, e ademais a súa produción estaba controlada pola Inquisición, é moi difícil pensar nunha literatura destinada especificamente aos nenos, e moito menos de carácter estético.

Todo na colonia está atravesado pola relixión. A gran preocupación das autoridades durante a conquista e os inicios coloniais foi a de adoutrinar os indíxenas. Adoutrinalos era a forma máis segura de dominación. E para logralo utilizouse a Igrexa. Pero facelo non foi tan doado como se esperaba. Os indíxenas aprenderon a poñer resistencia soterrada, en defensa das súas crenzas e das súas conviccións.

Este proceso de conversión fíxose en toda a poboación, pero sobre todo a mirada enfocouse cara aos nenos, quen dende unha idade temperá debían ser convertidos á fe católica.

A relixión vai marcar todos os actos de dominación da conquista e da colonia e vai ser o vehículo a través do cal se educará a poboación indíxena. E como acertadamente afirma Renán Silva:

En la sociedad colonial la religión es el hecho cultural de masas por excelencia, presente desde el momento mismo de la ocupación española, la cual fue formulada como una gran cruzada de evangelización de infieles (Silva, 2004: 48).

125

Inicialmente intentouse preservar os “brancos” da mestura cos indíxenas, aos cales se quixo manter separados para facilitar o seu adoutrinamento, a través de institucións como a encomenda.

A finais do século XVI a sociedade indíxena presentábase xa desorganizada e bastante decimada polas epidemias e polos intentos dos españois de recolo-car os indíxenas, ou pola persecución que se fixo deles. Moitos comezaron a fuxir cara ás cidades e incorporáronse ao servizo doméstico dos brancos.

Aínda que as expresións culturais dos indíxenas foron reprimidas, estes realizaban os seus xogos, ritos e bailes nas noites, coa complicidade dalgúns españois. Deste xeito, os indíxenas trasladados á cidade como criados de brancos empezaron a se mesturar cos sectores baixos do estamento branco, xerando unha fusión cultural e un “sincretismo” coas celebracións cristiás.

A través das mulleres da servidume, os nenos e nenas fillos das familias brancas nutríronse dos contos, lendas, arrollos, cantos e demais manifestacións da tradición oral.

Foi na institución familiar onde os nenos comezaron a incorporar tanto as manifestacións culturais orais coma a doutrina cristiá a través dos textos utilizados como apoio ao ensino da lectura e a escritura. No caso dos grupos dominantes, os nenos aprendían a ler e a escribir no fogar a través de preceptores privados. Moitos deles aprenderon dende pequenos a gramática latina, pois era necesario dominar o latín para acceder aos estudos superiores. Os nenos dos brancos pobres e dos mesmos indíxenas habitantes da cidade que non accedían á lingua escrita eran adoutrinados a través das oracións, pero á vez incorporaban as tradicións indíxenas, brancas e negras xa fusionadas polas súas relatoras.

Os textos que lían os nenos

Durante o século XVI elaboráronse unhas cartillas dirixidas aos nenos e aos naturais nas que se ensinaba a doutrina cristiá. A primeira destas chamouse *Cartilla Castellana* e era un breve resumo a xeito de catecismo desta doutrina, disposta en forma de preguntas e respostas, de xeito tan sinxelo que fose entendido polos nenos e as persoas máis elementais.

126

O primeiro catecismo para Nova Granada foi o elaborado polo bispo de Cartaxena, frei Dionisio de Sanctis (1574-1578).

A segunda parte deste catecismo interésanos porque ten o método para ensinar a ler, o que nos demostra unha vez máis como estaba de ligado o adoutramento co ensino das primeiras letras. A cartilla ten un abecedario e un silabario que abranguen todas as combinacións principais de sílabas, para chegar ás palabras: ensínaselles as letras unha por unha, e logo a xuntalas unhas con outras para que falen, despois do cal vén ler as escrituras.

Foron moitas as versións de catecismos que circularon no novo reino a partir do século XVI cunha perdurabilidade a través dos séculos que sorprende, pois até mediados do século XX, o ensino relixioso nos colexios estaba aínda sostido neste tipo de libros que a través de preguntas e respostas memorizadas aseguraba a súa apropiación.

Pero os nenos tamén leron vidas de santos co fin de que tivesen un modelo de vida a seguir. As vidas de santos foron consideradas lecturas axeitadas

para os nenos e non os tratados, debido a que o fin non era captalos para a vida relixiosa monacal, senón introducilos na fe cristiá e convertelos a ela.

Os nenos tamén leron a Historia Sagrada, que algunhas veces foi entregada a xeito de leccións de catecismo.

Un cambio de mentalidade

Sólo en las postrimerías del período colonial, cuando influenciadas por la renovación que viven España y Francia en su vida económica y cultural, las provincias de ultramar experimentan una verdadera explosión cultural, científica, literaria y artística. Llegan las primeras imprentas, aparecen los primeros periódicos, se construyen teatros, se clasifican las plantas y los animales, se descubren raíces y plantas medicinales, y surgen científicos, sabios y dibujantes en nuestras propias tierras (Reyes, 1988: 180-181).

Todo este movemento non só dá lugar á independencia, senón que esperta nos habitantes a necesidade de volver os ollos cara ao propio medio coas súas características singulares: personaxes, costumes, paisaxes, etc. Esta é a herdanza recibida polos escritores costumistas, os que na continuación dunha busca da identidade nacional, volven os ollos ás cousas miúdas, describen a superficie das cousas, da paisaxe, caracterizan os personaxes populares, creando así, os seus cadros de costumes.

Só a finais do século XVIII podemos falar en Nova Granada de escola pública. Até ese momento, vimos que os poucos nenos e nenas que recibían os mínimos rudimentos de educación, como eran aprender a ler e a escribir e algunhas nocións de matemáticas e de latín, pertencían ás clases máis favorecidas, aos brancos españois e á reducida elite branca crioula. Os demais nenos non tiñan acceso á educación e a maioría nunca aprendían a ler e a escribir. Isto significa que non lían directamente e que os textos escritos aos que tiveron acceso a través dos maiores foron, sobre todo, textos de carácter relixioso co fin de adoutrinalos e gañalos para a relixión católica.

As poucas escolas que existiron até ese momento foron as escolas doutrinarias que eran, como di Silva (2004: 210), centros de evanxelización, cuxa existencia e termo dependeu, sobre todo, da dinámica dunha institución económica: a encomenda.

Silva explica como a aparición da escola pública debeu esperar á conxunción dunha serie de factores, como un determinado grao de crecemento económico, un afianzamento do proceso de mestizaxe e unha combinación da política educativa de Carlos III, a acción de particulares interesados na educación e o afianzamento de certo pensamento pedagóxico. Non obstante, aclara o autor que non hai unha relación directa entre falta de escolas públicas e analfabetismo, debido a que moitos aprendían a ler e a escribir no fogar e nas escolas doutriniais.

Unha nova filosofía, presente tamén na institución eclesiástica, empezou dende o século XVIII a recoñecer no neno un ser indefenso que requiría protección, ensino e valoración. Os preceptos escolares da Ilustración atoparon no neno o fundamento das novas nacións (Rodríguez, 1997: 186).

Este cambio na concepción do neno é resultado do cambio cultural e de mentalidade que trouxo consigo o pensamento ilustrado. Este reflectiuse sobre todo nas institucións educativas superiores e nos métodos educativos. A relación co saber cambiou.

128

Frente a la autoridad de los textos y los autores, la lectura de la naturaleza (la observación, la experimentación, el nuevo papel de “ver” frente al “leer”. Y frente a la repetición del texto canónico, la confrontación de varias fuentes y de varios autores (Silva, 2004: 45).

Por primeira vez xorde a preocupación pública pola educación dos nenos. O neno empeza a xurdir como un ser ao que hai que educar, ademais de protexer e coidar. Xorde –aínda que débil aínda– unha conciencia da responsabilidade que teñen os adultos no coidado dunha idade á que miran como a esa planta que hai que cultivar. Empezan a atoparse pegadas do recoñecemento do neno nun ámbito público.

A fe na educación da infancia

Dun xeito providencial e máxico, como esas cousas que ás veces ten a historia, do encontro de dous seres provenientes de dous mundos aparentemente antagónicos, o popular e o culto, xorde o movemento que aglutina os autores costumistas: “El Mosaico”. Carlos José Reyes (1988: 191) descríbeo así:

El incidente del encuentro parece extraído de una novela. Una noche de diciembre Don José María Vergara y Vergara, quien seguramente estaba concentrado en la lectura de alguno de los libros de su copiosa biblioteca, escuchó golpes en la puerta. Corría el año 1858... Vergara y Vergara dejó los libros a un lado y fue a abrir, hallando frente a la puerta a un hombre de aspecto bonachón y abierto, vestido con ruana y sombrero de jipijapa, que traía un manuscrito debajo del brazo... El hombre de aspecto humilde que ahora lo saludaba con admiración, traía bajo el brazo una novela escrita de su puño y letra. La novela se titulaba *Manuela*, y el hombre, que pasaba de los 50 años e iniciara el oficio de las letras en forma tardía, respondía al nombre de Eugenio Díaz.

Os escritores costumistas aglutínanse arredor dos faladoiros e a publicación dun xornal, *El Mosaico*, que se considerou, non só como o primeiro salón ou agrupación literaria de importancia que se dá no noso país, senón como o xurdir do que se pode denominar unha *literatura nacional*. En *El Mosaico* publícanse por entregas algúns capítulos de *Manuela*, a novela que Eugenio Díaz Castro levaba baixo o brazo no encontro con Vergara y Vergara e que é considerada como a primeira novela verdadeiramente *nacional*.

Aínda que dende unha perspectiva actual non podemos falar dunha literatura creada especificamente para os nenos, si podemos considerar os escritores costumistas como o antecedente máis significativo da literatura infantil colombiana, a excepción de Pombo, claro está, na medida en que a súa escritura non só era un proxecto de formación estética e cultural para as xeracións novas, senón tamén, en que ese conxunto de cadros, relatos, crónicas, contos e novelas está escrito nunha linguaxe sinxela, cotiá, chea de imaxes vivas e pintorescas moi próximas á percepción e ao gusto dos novos lectores.

O legado que o século XIX lle deixa á literatura infantil colombiana reúnese basicamente nas obras de Rafael Pombo e naqueles cadros e crónicas de costumes, que se converten en antecedentes importantes para a produción literaria destinada aos nenos no século XX.

Non obstante, atopamos algunhas obras soltas que paga a pena mencionar, xa porque preceden producións posteriores sobre a mesma corrente, xa pola súa singularidade. É o caso de *El romancero colombiano* e dunha pequena e amena colección de narracións titulada *Historias y cuentos para los estudiantes del Colegio del Rosario*, de monseñor Rafael María Carrasquilla.

El romancero colombiano pode situarse como un digno antecedente do que poderíamos chamar a corrente do *relato histórico* na literatura infantil e aínda que fose destinado á infancia coa intención pedagóxica de lle entregar os sucesos e acontecementos máis relevantes da historia nacional, logrou en moitos textos unha dimensión estética e literaria de calidade, pola amenidade das narracións, a caracterización dos personaxes, o dramatismo das situacións e, en fin, por todos os elementos propios da linguaxe narrativa, pero tendo como referente o feito histórico.

O outro libro, *Historias y cuentos para los estudiantes del Colegio del Rosario*, aparece como unha curiosidade literaria, sobre todo para a época e pola intención coa que foron compilados. Aínda que foi editado en 1915, recolle os relatos escritos na revista do Colexio durante os anos de transición entre os dous séculos, nos que monseñor Carrasquilla foi reitor desta institución. Algúns son orixinais e outros son traducións recreadas a xeito de “variacións” de Jules Lamaitre e recreacións da novelista andaluza Cecilia Böhl de Faber, coñecida no mundo literario como Fernán Caballero.

130 **Rafael Pombo, o pai poético dos nenos**

Non cabe dúbida de que se houbo en Colombia un poeta que nos represente, que poida chamarse *poeta nacional*, ese é Rafael Pombo. A súa resonancia cultural foi moi forte e estendeuse durante máis da metade do século XX.

Cando nos achegamos un pouco e indagamos sobre a súa biografía e a súa produción literaria, descubrimos non só un gran home, senón un gran poeta, un excelente tradutor, un prolífico xornalista, un creativo fabulista, un pedagogo preocupado pola formación das novas xeracións, en fin, un intelectual íntegro, home da súa época, comprometido seriamente coa cultura do seu país, para quen a escritura non era un oficio, senón unha necesidade vital, e para quen era tan significativo escribir un artigo destinado a algún xornal ou revista latinoamericanos, como escribir un poema, ou facer unha tradución, escribir unha carta a un amigo, inventar unha fábula, escribir unha ópera, soste unha polémica a través de sonetos, axudar a un amigo a facer unha selección de textos para a infancia ou enxeñar un novo método de lectura para a nenez.

Non obstante, a popularidade que Pombo tivo durante máis dun século debeuse ás súas poesías e contos infantís.

Cando viviu en Nova York, foi contratado pola editorial Appleton para facer algunhas traducións. Para fortuna da literatura infantil colombiana e hispanoamericana, Pombo aceptou o traballo, pero, como creador que era, non se limitou a traducir senón que tomou como base os libros en inglés para crear unhas versións tan persoais e orixinais que ben poden ser consideradas da súa propia colleita.

Do traballo na editorial Appleton xurdiron os *Cuentos pintados para niños* (1867) e *Los cuentos morales* (1869), que foron ilustrados e editados pola devandita editorial. *Las Fábulas y Verdades* non chegaron a ser publicadas, pero foron anunciadas pola revista *Mundo Nuevo* que editaba en Nova York o cubano Enrique Piñeyro, nun artigo titulado *Libro de lectura para la escuela y el hogar*. O proxecto nunca se realizou e os seus manuscritos permaneceron inéditos durante moito tempo. En 1893 publícanse algunhas das fábulas deste libro no primeiro tomo da colección “Biblioteca Popular”, co título *Fábulas y Cuentos*, engadindo outras dos *Cuentos Pintados* e de *Cuentos morales para niños formales* “por los muy buscados que hoy son aquí, aunque sabidos de memoria desde México hasta el Cabo de Hornos, pues ningún libro moderno habrá alcanzado en español mayor venta” (*Fábulas y Cuentos*, 1917. Prólogo).

131

O interese de Pombo pola infancia non foi só produto dun azar. Ademais de escribir preto de trescentas fábulas e verdades, doce contos pintados e máis de vinte contos morais, traballou na oficina de Instrución Pública, e colaborou na revista oficial desta entidade chamada *La Escuela Normal*, onde colaborou con artigos e traducións acerca de temas pedagóxicos, así como con algunhas fábulas e poemas.

Rafael Pombo non só achegou á infancia as súas fábulas e contos, senón que, preocupado por facer máis doada a aprendizaxe para a nenez, e fiel á súa idea de “ensinar deleitando”, inventou un método de lectura que chamou *El Nuevo Método de Lectura*, composto por unha *Cartilla objetiva o alfabeto imaginario*, *El modelo alfabético*, un *Abecedario Retabíla* e un titulado *Letras minúsculas*.

É un método bastante orixinal no que se mesturan o enxeño poético, a versificación argalleira, cunhas cantas leccións de moral e bo comportamento. *Cartilla objetiva o alfabeto imaginario* comeza así:

Letras son las mudas que hablan
Almas pintadas que vuelan
Las que al ausente consuelan
Llevándole un corazón
.....
Contienen el abecedario
Ventinueve, de las cuales
Cinco se llaman vocales,
Consonantes las demás.

(*Fábulas y Verdades*, p. 261).

El Modelo alfabético é, máis ben, un modelo de comportamento, no que o poeta envorca toda a súa concepción ética sobre o que debe ser, feito con moito enxeño, pois cada verso leva varias veces a letra que corresponde en orde alfabética:

¿Quieres ser hombre completo,
Hombre a prueba de alfabeto?

- Se Amable, Activo, Aseado,
Bondadoso y Bienhablado.

(*Fábulas y Verdades*, p. 266)

No preámbulo a este curioso método, Pombo expresa claramente a súa concepción da infancia e da pedagogía. Para el, o neno está moi próximo ao ritmo e á musicalidade da linguaxe e por isto os versos atráeno e repíteos por pracer. Está máis próximo á imaxe que ao razoamento, de aí que utilice a poesía para lles ensinar preceptos morais, ou leccións literarias ou científicas, debido a que a imaxe é esencial ao poema. Consciente de que a atención da infancia se desvía doadamente, “exige brevedad y variedad” e sobre estes dous requisitos está construído o método. Non teme que o neno se enfrente a cousas difíciles, pois ademais de valorar a súa capacidade e a súa imaxinación, está convencido da nobreza da dificultade e dos beneficios posteriores da memoria:

Varias pues de las piezas del curso nuevo de lectura serán extensas, y muchas serias. Aunque de niños no entiendan las últimas, ese es el tiempo de aprenderlas de memoria, para cuando puedan entenderlas. (*Fábulas y verdades*, p. 160).

De ningún xeito idealiza os nenos, pois sábeos egoístas, atentos á súa conveniencia, ás veces crueis ou feroces, burlóns e daniños, de aí que aproveite o método para lles deixar unhas cantas ensinanzas que lles vaian moldeando estes instintos primarios que, para o ser católico que era, se deben á “degeneración que en el hombre produjo el pecado original”.

O rexurdir da nenez como suxeito cultural

Os inicios do século XX

Para a literatura infantil colombiana os inicios do século XX non son moi diferentes ao século que os precede. E isto non é de estrañar porque, como é xa recoñecido polos historiadores e críticos das nosas letras, Colombia non deixou de ser esa señora un pouco gorda, un pouco soñadora e preguiceira que co seu lento camiñar quedou demorada nos avatares do tempo por lustros enteiros. Nos seus tolos amoríos, ou nas súas ensimesmadas elucubracións, esqueceuse de si mesma, e un pouco xorda e un pouco cega, tivo períodos dun escurantismo aterrador.

Os finais do século anterior no noso país foron tempos de loitas intestinas, esgazamento das súas propias entrañas. Guerras civís sucedéronse unhas tras outras, ditaduras militares, pelexas sangrentas polo poder, encarceramentos, desterros, que deixaron miles de colombianos mortos e os vivos cun estraño sabor de loita allea, de intereses partidistas, dun falso sentido nacional que incidirá na nosa conciencia colectiva como nación. Os que estaban a cargo de marcar os rumbos e camiños desa patria acabada de formar, desa patria que acababa de mirarse a si mesma por primeira vez, estaban asañados e entolecidos nas pelexas polo poder. En pleno cambio de século, Colombia padecía unha das súas máis cruentas guerras: a chamada *Guerra dos Mil días*.

De las 23 guerras civiles que tuvieron lugar en Colombia durante el século XIX, la de los Mil días fue la más prolongada, sangrienta y costosa de todas. De octubre de 1899 a noviembre de 1902, en un país de cinco millones de habitantes, alrededor de ocho mil colombianos perecieron en los campos de batalla. Casi todos habían sido reclutados a la fuerza entre los campesinos arrendatarios de las grandes haciendas, y ninguno de ellos supo nunca que el 6 de noviembre de 1903, una vez firmada la paz entre los dirigentes de los dos partidos, un oficial de la marina norteamericana izaría la bandera de la nueva República de Panamá en un departamento de Colombia (Caballero, 1980).

É recoñecido por historiadores e críticos que o século XIX se prolongou en Colombia até a Primeira Guerra Mundial. Máis aínda, o noso país demorouse máis tempo en entrar en consonancia cos avances tecnolóxicos, sociais, políticos e culturais que se estaban a suceder no resto do mundo. A forte influencia da Igrexa Católica no poder político, no comportamento social e na educación, o dominio do poder polas castas políticas liberais e conservadoras, influíron nesta demora.

Neste panorama político inestábel e turbulento, a cultura literaria era en gran parte asunto desas mesmas elites gobernantes, que estaban divididas entre os máis tradicionalistas, apegados aínda a un romanticismo trasnoitado, outros practicaban aínda un costumismo que deviña nunha escritura realista que seguía dando conta das paisaxes e personaxes locais. Uns poucos internábanse polos camiños do modernismo.

Resulta, entón, moi pouco probábel que nun escenario como este houbera lugar para unha literatura dirixida aos nenos, como receptores capaces de degustar unha obra que non estivese atravesada polos designios pedagóxicos ou morais propios da literatura que até agora se escribira para eles.

134

Nun contexto de loitas políticas e de ensimesmamento cultural, é comprensíbel que estas dúas primeiras décadas presenten apenas un que outro libro que poida clasificarse dentro do marco dunha literatura infantil.

Entre eles, destaca un curioso conxunto de relatos titulado *Cuentos a Sonny*, do escritor Santiago Pérez Triana, quen dalgún xeito formaba parte desa mesma elite política e intelectual, pero que estivo sempre en contacto coas manifestacións culturais da urbe, pois viviu case sempre no exterior. Nacera o 15 de setembro de 1858 e era recoñecido como unha das figuras máis importantes da época, destacando no campo da oratoria, dos escritos de carácter político, e da literatura.

Do seu matrimonio con Gertrude O'Day tivo un fillo a quen dedicou o seu único libro destinado ao lectorado infantil, *Cuentos a Sonny*. O libro foi escrito orixinalmente en inglés e posteriormente traducido ao español por Tomás Eastman, pois Pérez Triana a pesar de que dominaba ambas as dúas linguas á perfección non se sentía seguro traducindo dun idioma a outro.

Pero este pequeno libro non foi só produto do afecto e o desexo de que seu fillo coñecese, a través da linguaxe literaria, a terra natal de seu pai que aínda non viran os seus ollos. Respondeu tamén ao feito de que o escritor Pérez Triana crecera e se educara en países nos que a literatura infantil formaba e forma parte dunha expresión literaria e cultural recoñecida e valorada e que conta cunha tradición.

No prólogo da versión española, publicada en Madrid en 1910, Tomás O. Eastman, quen fai a tradución, corrobora ese descoñecemento da literatura infantil no noso medio e o desdén co que aínda a consideraban os escritores e os medios intelectuais.

Non poderíamos afirmar que *Cuentos a Sonny* marcara unha influencia na literatura infantil colombiana, pola sinxela razón de que na época en que foi publicado o libro en España, o ano 1910, a literatura infantil en Colombia non existía. Estaban na memoria da infancia os contos de Pombo, algúns cadros de costumes, quizais as fábulas de Samaniego, pero non existía aínda o concepto nin a pregunta por unha literatura especificamente para a infancia. Xa vimos que non era un xénero digno de ser cultivado polos nosos escritores. Socialmente os nenos lían o que as institucións educativas e relixiosas elixiran para eles. Ensinar a ler sempre foi un instrumento de poder. E aínda máis o era polo ano 1910.

135

Pero non podemos dicir o mesmo da sorte deste libro co lectorado. Este libro reeditouse varias veces e seguramente foi lido en moitos fogares colombianos, pois como xa vimos, o autor era recoñecido no medio literario da época.

Anos vinte a corenta. Contexto histórico, político e cultural

Como afirma Tirado Mejía (1979), o século XX en Colombia iníciase con dous feitos determinantes: a Guerra dos Mil días e a separación de Panamá. Estes dous acontecementos marcaron definitivamente o país en canto ao seu desenvolvemento económico, social, político e cultural. Non é o mesmo entrar triunfante a un século, ou polo menos en condicións normais de desenvolvemento, que facelo derrotado, desangrado e con serios problemas económicos.

Hai que esperar até os anos trinta cando o partido liberal toma o poder e en especial ao goberno de Alfonso López Pumarejo, co seu programa de *Revolución en Marcha*, para asistir a unha renovación nas ideas e nas mentalidades e a unha adecuación do Estado aos avances económicos e sociais.

Un dos obxectivos da revolución liberal de López Pumarejo foi a de afianzar os procesos de democratización e restarlle o poder a unha oligarquía que até o momento dominara o país. Co fin de modernizar Colombia iniciou unha serie de reformas: constitucional, agraria, tributaria, educativa.

Este ambiente de renovación política e cultural tamén se reflectiu nas ideas pedagóxicas e nas concepcións educativas. Sempre que se perfila un home novo, vólvese a mirada cara ás novas xeracións, co fin de preparalas e garantir dalgún xeito que se convertan nese ideal soñado. É pois explicábel que tamén polos anos vinte e trinta se desen cambios importantes neste campo: son as épocas dos movementos pedagóxicos da escola activa, aos que pertencían psicólogos, médicos, educadores de recoñecemento mundial como Ferriere, Piaget, Pieron, Claparede e moitos outros.

136 Todos estes cambios xeraron á súa vez a necesidade de reformar o sistema educativo e de ampliar a súa cobertura para chegar ás clases obreiras acabadas de formar, e a esa clase media urbana para quen a educación era a vía máis probábel do ascenso social.

O neno deixaba de ser considerado como ese adulto en pequeno, empezaba a mirarse como un ser independente, con capacidades de comprensión e interpretación do coñecemento e da realidade de acordo ás súas diferentes etapas de desenvolvemento.

Este cambio da concepción da infancia deuse enmarcado dentro dun cambio social e cultural máis amplo. Foron dúas décadas nas que os diferentes sectores se puxeron na tarefa de actualizar o país en materia cultural e educativa, aumentando os investimentos en educación, multiplicando o acceso da poboación colombiana ao coñecemento e á diversión a través da creación de bibliotecas, centros culturais, programas de radio, cinematógrafo e salas de lectura, entre outros.

No medio deste ambiente de renovación pedagóxica e cultural, de revaloración do neno como ser social e cultural diferente do adulto, empezamos a

atopar un aumento nas edicións de libros para os máis novos por fóra do ámbito escolar, que, aínda que non sexa numeroso, é significativo na medida en que se empeza a pensar no neno como un lector que pode acceder aos libros sen a mediación directa do adulto (mestre, pai de familia) e para quen se escribe con fins lúdicos e estéticos. E aínda que nalgúns destes libros seguen vixentes as motivacións moralistas e pedagóxicas que xeralmente acompañan os adultos cando escriben para a infancia, tamén é certo que hai un avance fronte á concepción dunha literatura para os nenos que xa empeza a circular nos ámbitos propios da cultura e que comparte coa literatura para adultos ese tratamento estético propio da arte da linguaxe.

Resulta significativo que en 1933 existise, no lugar onde despois foi construído o edificio da Biblioteca Nacional, unha biblioteca infantil, con sala de lectura especial para os máis novos, que foi retomada e incluída dentro do deseño da Biblioteca. Isto corrobóranos aínda máis o feito de que o neno era considerado un lector activo, que podía acceder á lectura en espazos propios da cultura e sen a mediación da escola.

Todo este espírito nacionalista e de valoración do neno reflectiuse tamén na necesidade de desenvolver manuais escolares colombianos e comezar a renunciar aos manuais estranxeiros. Non obstante, o Ministerio de Educación, incapaz de armar unha colección completa en pouco tempo, decidiu editar unha revista infantil para difundir as novas concepcións educativas nas escolas primarias. A revista foi titulada *Rin Rin*, en honra a Rafael Pombo. O “Renacuajo Paseador” percorría o país acompañado de catro nenos, que simbolizaban a integración nacional.

O primeiro exemplar apareceu en 1936, dirixido polo seu ilustrador Sergio Trujillo Magnenat. A revista era de gran formato, con ilustracións en branco e negro e cor. A edición de trinta e cinco mil exemplares vendíase ou distribuíase nos enderezos departamentais de educación.

Publícanse cancións, poemas, textos descritivos e historias, textos que perseguían especialmente facer que a nenez desenvolvese un amor pola súa patria. Cada número narraba a vida dun heroe nacional ou dun personaxe célebre. O seu obxectivo inicial era ser unha revista didáctica para nenos e rematou sendo unha revista de propaganda política. Só alcanzou dez números, e extinguiuse en 1938.

Os autores máis representativos deste período

Podemos situar este período dos anos vinte e trinta como a época do nacemento da literatura infantil colombiana nos espazos culturais e do xurdimiento de escritores que dedicaron parte da súa obra á nenez.

Eco Nelli, Víctor Eduardo Caro, Ismael Enrique Arciniegas, Simón Latino, María Eastman, Guillermo Hernández de Alba, Luz Stella, entre outros intelectuais e pedagogos da época, pensaron no neno, e recreárono a través da linguaxe, construíndo unha imaxe da infancia, que necesariamente a reflicte, pero á vez producindo e circulando unha estética de e para a infancia expresada en imaxes, relatos, historias, poemas, información sobre o mundo, en fin entregándolles aos nenos unha reelaboración cultural dun universo moito máis amplo que a súa propia mirada.

Deste xeito insírese a literatura infantil na corrente cultural, separándose por fin – polo menos como expresión de moitos, como un movemento de época, xa non dunha soa persoa– do ámbito e o discurso pedagóxico das institucións educativas. Estes escritores conquistaron para a infancia a posibilidade cultural da linguaxe escrita.

138

Victor Eduardo Caro e a revista *Chanchito*

Víctor Eduardo Caro foi un home cunha sensibilidade moi próxima á de Rafael Pombo, por iso a súa mellor obra para a infancia foi a revista *Chanchito*, que toma o nome da fábula homónima de Pombo.

Chanchito é unha revista de gran valor histórico para a literatura infantil colombiana. Foi un proxecto cultural concibido por Caro cunha percepción moi acertada da mentalidade do neno, cunha conciencia moi clara das capacidades creativas deste, e ademais cun gusto e un coñecemento da literatura clásica e da súa época que lle permitiu facer unha exquisita selección de obras literarias e lúdicas entregadas aos pequenos lectores a través dos números editados durante dous anos.

Chanchito entra a encher un baleiro enorme na cultura literaria infantil, pois, como expón o mesmo Caro, non existía en Colombia nese momento ningunha revista para os nenos. O antecedente máis próximo databa de 1914 e foi a revista *La Niñez*, publicada no colexio Restrepo Mejía de Bogotá, que se editou até 1917.

A corrente histórica na literatura infantil

Os acontecementos da historia nacional foron fonte recorrente da literatura infantil en Colombia. E aínda que exista case sempre un móbil pedagóxico que pretende informar á nenez sobre as fazañas dos heroes nacionais e formar nela un sentimento de amor e respecto pola patria, tamén é certo que moitas destas obras alcanzaron un alto sentido estético e literario que permite consideralas como parte dese *corpus* que é a literatura para a nenez.

O relato histórico, a caracterización dos personaxes, o manexo do suspense, as imaxes vivas e poéticas, as escenas tráxicas de moitas destas historias e romances logran achegar os nenos ao pasado e á historia do seu país e de América, pero non a través do dato ou o feito cronolóxico como pretende a historia, senón a través da vivencia dos personaxes, da perspectiva humana ou as imaxes poéticas.

Esta corrente xa fora inaugurada dalgún xeito por *El romancero colombiano*, que non foi escrito para a nenez, pero cuxa lectura se recomendou nas escolas do país e algúns dos seus romances están escritos con axilidade e dinamismo.

Continuando esta corrente atopamos nos anos trinta outro romancero escrito por Ismael Enrique Arciniegas¹, este si dirixido á infancia. En 1938 publícase *El Romancero de la Conquista y la Colonia*, editado na sección de publicacións do Ministerio de Educación Nacional. Escribiuse como ofrenda a Bogotá no cuarto centenario da súa fundación.

Neste curioso libro, Arciniegas traslada á forma de romance temas relacionados con Bogotá, como a chegada dos conquistadores ao altiplano, despois da súa viaxe heroica polo Magdalena; o asoballamento da raza chibcha; a fundación de Santa Fe, por Jiménez de Quesada; as expedicións que partiron dela a distintas rexións para someter tribos como a de Zaque e a do cacique de Guatavita, e unha serie de cadros santaferanos en incidentes acontecidos na capital do Novo Reino de Granada, durante a vida colonial.

¹ Militar, diplomático, congresista. Foi tamén xornalista. É coñecido sobre todo como tradutor, en especial polas súas traducións de Horacio. Di del Núñez Segura (1959: 343): "Desde 1886 figura su nombre entre los mejores bardos de la colección poética La lira nueva. El periódico *El Nuevo Tiempo*, cuya duración se extiende de 1905 a 1932, es signo de la actividad que más embargó a Arciniegas durante la vida: el periodismo".

Os *Retazos de Historia*, publicados semanalmente na revista *Chanchito* e escritos por Guillermo Hernández de Alba, foron reunidos en dous tomos publicados pola Dirección de Educación Pública de Cundinamarca, con ilustracións de Julián Trujillo Largacha. O primeiro tomo reuniu os retallos referentes ao descubrimento de América e á conquista de Colombia. O libro está dirixido aos nenos colombianos e aínda que as motivacións sexan didácticas e se faga explícito este desexo de ensinarlle á infancia as leccións de historia, a destreza narrativa de Hernández de Alba supera o pedagóxico logrando internarse no terreo da crónica literaria, con moita axilidade e dinamismo.

Outro autor que podemos situar na corrente da historia para os máis novos é Simón Latino coa súa biografía de Simón Bolívar escrita para o lectorado infantil. Foi publicada en 1930 pola editorial Cromos co título *Vida de Bolívar para los niños*. En ton ameno, con moita claridade na exposición, imos lendo a vida de Bolívar dende a súa infancia. Bolívar é presentado como un neno común da súa época, nado nun fogar de cinco irmáns, a cargo da negra Hipólita, que os coidaba e alimentaba a súa imaxinación con contos e lendas.

140

Al anochecer, temblando de miedo, los niños se agachaban al lado de Hipólita para que les refiriera cuentos. La esclava les contaba las terribles historias de la Sayona y del tirano que engullía a los niños desobedientes, o la de la mula María que era la que más los asustaba.

E é quizais ese ton dun narrador, mestura de bo pedagogo e contacontos, dado pola presenza implícita do interlocutor, o que fai desta obra unha verdadeira biografía para nenos. Quizais o desacerto se atope no exceso de exaltación da imaxe de Bolívar. Aínda que comeza cun Bolívar neno moi humano, vai aumentando a súa admiración por el até idealizalo de tal modo que remata por presentalo como un semideus profanado polos seus inimigos, como un ser case perfecto.

Oswaldo Díaz Díaz

O escritor para nenos máis representativo dos anos trinta e corenta é, sen lugar a dúbidas, Oswaldo Díaz Díaz. E este recoñecemento meréceo tanto pola calidade dos seus contos e obras dramáticas para a infancia como pola conciencia e valoración que lle deu á literatura infantil.

Home de teatro, dramaturgo recoñecido, historiador, contista, dedica gran parte da súa creación aos nenos, cultivando para eles dous xéneros: o conto e o teatro.

Como contista publicou as seguintes obras: *El país de Lilac*, *Otra vez en Lilac*, *Cambam Balí* e *Cuentos Tricolores*.

El País de Lilac, publicado en 1938 polo Ministerio de Educación Nacional na súa colección “Literatura colombiana”, é unha creación bastante orixinal, na que, como o seu nome indica, está nun país ideal imaxinado para a nenez, cun programa de vida. Alí non existen os tabús da educación, posto que se pode ver e tocar e ver e probar todo. É ademais un país de nenos sans. Nel non existen “farmaceutas”, nin boticarios e por conseguinte son descoñecidos os sales e purgantes, e como non hai dentistas, aos nenos non se lles danan os dentes. “Todo es posible” e “Nunca sufrir” son bisbarras veciñas a Lilac; a elas van os nenos cando desexan algo ou cando teñen unha pequena contrariedade e de alí regresan co desexo realizado e coa pena convertida en gozo.

Díaz Díaz non só fai unha crítica á educación senón que valora expresamente o papel da imaxinación e do imaxinario na nenez. Abre definitivamente ese espazo dos mundos posíbeis creados pola linguaxe nos que non hai diferenza entre a realidade e a fantasía. Ao facer unha lectura de conxunto da súa obra narrativa para os máis novos atopamos unha gran variedade. Son relatos que lograron separarse da nostalxia do tempo propio da nenez, creando situacións e personaxes vivos, desprendidos da man do seu autor, inscribíndose nunha tradición literaria universal.

Díaz Díaz é un dos primeiros escritores que reflexionan publicamente sobre as letras para a nenez como un campo específico da literatura en xeral. É así como na *Revista de las Indias*, importante publicación da época, dirixida por German Arciniegas, dá a coñecer un artigo sobre o tema. Neste traballo pregúntase sobre cal debe ser a definición dunha literatura infantil e que elementos fundamentais debe ter. Cita como un dos aspectos importantes o contido moral do escrito, aclarando que non se trata dunha moral figureira, nin dun didactismo exemplarizante, nin dun modelo virtual. Para Díaz (1940-1941) o moral na literatura infantil é “la lección de energía, de entusiasmo, de educación personal, de propio conocimiento que el niño extrae por sí mismo de lo que leyó”.

A infancia violentada

Algúns historiadores sitúan o inicio da chamada “época da violencia” dos anos cincuenta en 1946, ao asumir a presidencia o candidato do partido conservador Mariano Ospina Rodríguez. Coa morte de Jorge Eliécer Gaitán en 1948 intensifícase a violencia na cidade e nos campos e reproducense os grupos de bandoleiros co argumento de vingar a morte de Gaitán. De 1950 a 1954 hai outro período de agravamento da violencia durante a presidencia do candidato conservador Laureano Gómez. Desátase unha cruenta persecución contra os membros do partido liberal e estes á súa vez deféndense, nunha cadea de vinganzas que aínda hoxe en día segue a ter repercusións.

Non é este o lugar para analizar os móbiles deste sanguento período de violencia no noso país, senón máis ben de observar a relación entre este período e a situación da nenez. Ver como, ademais, o imaxinario sobre a infancia se transforma. Da responsabilidade adulta de formar a nenez a través da educación, da aposta pola institución escolar como escenario ideal para inculcar nos nenos os valores e facer deles adultos exemplares; do inicio dunha concepción do neno como ser creativo capaz de se divertir coa literatura, pásase a un caos terríbel, a unha confusión no medio do sangue e a crueldade, a un disolverse as fronteiras entre o neno e o adulto, até chegar mesmo a utilizar a nenez ao servizo do crime, a crueldade e a sevicia. Durante este período o país literalmente desángrase e desestrutúrase, afectándolles isto ás institucións, ás relacións, á súa organización.

Esta transformación nas condicións de vida dos nenos e nenas e no imaxinario que os adultos teñen da nenez, afecta directamente á produción literaria dirixida a este lectorado. Non só diminúe o número de escritores comparado co período anterior, senón que se transforma a súa temática. Xorde inevitablemente o tema da violencia nos campos; xorde ademais a nenez vítima do atropelo dos adultos como personaxe, a infancia marcada pola inxustiza social.

Neste período sobresaen tres escritores: María Eastman, Carlos Castro Saavedra e Fanny Osorio.

María Eastman publica en 1948 o libro *El Conejo Viajero*, unha serie de relatos con ilustracións de Lucy Tejada, Marco Ospina, Juan Renau, Julio Abril, Jaime Ibáñez e Enrique Grau e debuxos de nenos das escolas de Medellín e

Bogotá onde ela ensinou. Son contos cheos dunha profunda tristura. Solidaria cos pobres, cos desamparados, cos que non teñen esperanza, escribe acerca deles, pero sobre todo, dende eles. Hai un realismo duro e conciso, tal como son as cousas, sen adornos, nin máscaras inútiles. Os bonecos sublévanse porque non hai comida para eles, e en lugar de vencer a súa ama grazas ao adaxio optimista da unión fai a forza, a ama enfurécese: cando se viu que unha nena tivese que alimentar os seus bonecos? A boneca negra traizóaos por non lle faltar á lealdade da súa ama. Realismo ou ideoloxía? Hai unha fronteira difícil de cruzar nos contos de María Eastman. Denuncia ou aprobación? Parece dicirlle ao neno lector que non se faga esperanzas, así de tristes e desoladas son as cousas neste mundo para os seres anónimos, para os pequenos, para os marxidados. E hai poucas aspiracións de que sexan diferentes.

Carlos Castro Saavedra escribiu máis de oitenta contos para nenos que eran publicados en fascículos pola editorial Bedout na súa colección “Chispirín”. Son relatos escritos no ton da narración oral, algúns recrean personaxes populares colombianos, outros presentan figuras alegóricas, como a muller que coída as esmeraldas, chamada Colombia; hainos con nenos e adultos campesiños pobres e traballadores como personaxes. Trátase de historias ben narradas pero cunha evidente intención moralizadora que nalgunhas, lle fai perder forza á creación estética. En moitas, reflíctese a preocupación do escritor pola situación política do país, sobre todo pola violencia nos campos colombianos. Non obstante, Castro Saavedra alcanza a súa mellor expresión para os nenos na poesía.

Os poucos contos de Fanny Osorio recollidos até agora –*Milagro de Navidad*, editado en 1956; *El Ratoncito estudiante* e *Copito de canela*– poderían situarse nunha corrente romántica e idealizada da infancia. A autora desenvólvese mellor no xénero poético.

Descubrimento da nenez como consumidora

No país a literatura para nenos e mozos ten un rexurdimento a partir dos anos setenta coa creación do Premio Enka de Literatura Infantil e Xuvenil. Este premio produciu o chamado “boom” editorial, é dicir, un aumento considerábel na publicación de libros infantís como non se vira antes. Nas décadas posteriores organizáronse outros premios como estímulo á creación de

literatura dirixida explicitamente aos nenos lectores. É así como entre as décadas dos oitenta e dos noventa se organizan o premio Raimundo Susaeta, o concurso de contos Comfamiliar do Atlántico e en 1996 o premio NormaFundalectura, todos impulsando o xénero narrativo.

Ao considerar a nenez unha potencial consumidora de libros, o sector editorial desenvolve coleccións especificamente dirixidas ao lectorado máis novo, determinando de antemán factores tales como idade, temáticas de interese, argumentos, até o punto de producir unha alta porcentaxe destes libros por encarga directa aos creadores. Este fenómeno, que non é exclusivo de Colombia, nin moito menos, xera un aumento na cantidade de libros publicados, pero non necesariamente na calidade. Esta explosión de publicacións conduce á necesidade, por parte das institucións promotoras da lectura, a orientar na compra dos libros a pais, docentes e bibliotecarios. De aí xorden os boletíns de libros recomendados, os comités de avaliación e selección de libros infantís, as listaxes, as recensións, etc., en fin, toda unha literatura paralela que se ocupa tanto dos contidos, as formas, as temáticas, as calidades, como da adecuación destes libros para a nenez. É dicir, a través desta literatura referencial a reflexión sobre o neno faise explícita e empeza a perfilarse e a delimitarse o universo da nenez.

144

É de salientar a creación de novas editoriais específicas de libros para nenos ou seccións dirixidas a nenez dentro de empresas máis grandes. É o caso da editorial Hola Colina, de Medellín, ou a editorial Tres Culturas, a cal fixo un esforzo por rescatar autores do pasado.

Con *Zoro*, de Jairo Aníbal Niño, Primeiro Premio Enka de Literatura Infantil e Xuvenil outorgado en 1970, inaugúrase unha corrente que poderíamos chamar indixenista, e que se propón recrear mitos, lendas, concepcións da nosa cultura indíxena, pero construídas sobre armazóns tradicionais. É dicir, algunhas destas obras toman personaxes, motivos, costumes, imaxes, paisaxes da Colombia prehispanica ou das culturas indíxenas actuais, pero reeláboranas sobre esquemas e estruturas propias dos contos maravillosos europeos ou sobre a estrutura do mito.

En 1993, o Fondo de Cultura Económica publica *La batalla de la luna rosada*, de Luis Darío Bernal, unha historia que conta como un grupo de nenos indíxenas, coa axuda das londras, as aguias e os paxaros sinsontes e conducidos

polo Grande Avó das Barbas de Neve logra salvar a Chaquira e a un grupo de donceñas, que foran apresadas polos sacerdotes-feiticeiros para ser ofrendadas ao Omnipotente Señor de Todas as Augas, o Raio e as Tempestades.

Esta corrente da literatura infantil que recrea a tradición indíxena segue estando enmarcada nun propósito didáctico e dalgún xeito nesgado, tanto pola mirada do adulto pedagogo como pola mirada do home branco pertencente a unha cultura occidental que mira dende fóra a cultura indíxena. Non imos negar os valores literarios dalgunhas destas obras pero, seguindo o fío condutor de relación literatura-concepto de infancia, vemos como estes textos descoñecen o neno lector e o neno protagonista da obra. É dicir, hai unha negación –probabelmente inconsciente– dese lector implícito incorporado na creación mesma; ou máis que unha negación hai unha ideoloxía adulta con mentalidade colonizadora, que pón “fóra” a paisaxe e os costumes indíxenas como unha especie de pano de fondo para contar unha historia. E esta historia tamén está “fóra” na medida en que reproduce un esquema narrativo propio do conto tradicional europeo ou do mito visto polos europeos. De igual xeito, os protagonistas destas historias, aínda que estean en ambientes indíxenas, son nenos brancos occidentais aculturados.

145

A idealización da infancia como un estado de pureza e de inocencia perdeu na nosa literatura infantil. Esta noción evidénciase na creación deste tipo de personaxes golpeados polas inxustizas da vida adulta, enfrontados á maldade e á crueldade do mundo dos maiores e que a maioría das veces triunfan grazas ás forzas sobrenaturais doutro personaxe ou á magnificencia e bondade da man poderosa dos seus creadores.

Co tratamento da fantasía evidénciase na nosa literatura unha situación similar á do realismo: un descoñecemento da nenez e do seu manexo do fantástico. Algunhas obras comezan por formular un mundo real (xeralmente dun realismo social mediado por unha mirada paternalista) que nos presenta un neno ou varios que viven na pobreza, as limitacións materiais, a dureza de ser pobres, e optan polo fantástico como un escape; transfórmanse en literatura fantástica ou marabillosa xeralmente dun xeito pouco verosímil, creando un exceso de fantasía e un amoreamento de imaxes e situacións fantasiosas que non logran crear un sentido simbólico ou unha porta liberadora cara ao imaxinario.

Un autor que rompe este esquema é Celso Román, que se mostra como un bo debuxante da palabra nas obras *Las cosas de la casa* (Carlos Valencia, 1986) e *Animales domésticos y electrodomésticos* (Carlos Valencia, 1993). Son obras que abren unha posibilidade creativa para achegar o lectorado máis novo á poética das cousas. Cada cousa no mundo, cada obxecto, ten unha historia, unha vida, unha biografía.

Nestes anos inaugúrase outra vertente das letras para a nenez no noso país: aquela que se sitúa dende o inicio nun tempo e unha realidade maravillosos, onde non se dá ese corte entre o real e o fantástico, senón que se entra dunha vez no universo imaxinario, como se fai nos contos de fadas. Esta vertente é explorada por Triunfo Arciniegas en case todos os seus contos.

Mirada a súa obra en conxunto, atopamos constantes que a caracterizan: cultivo do xénero conto curto, temas fantásticos nos que os animais son os principais personaxes. A maioría dos contos sostéñense no ton da narración oral, nos que a acción dos personaxes fai que a historia avance, marcando un ritmo rápido no que se acumula unha sucesión de feitos e sucesos que fan referencia a outras situacións que se enuncian pero non se desenvolven.

146

En moitas das súas narracións retoma elementos da tradición oral, sobre todo dos chamados contos de fadas, e recréaos con humor, certa perversidade e facendo uso do recurso da actualización ou modernización de elementos, como o caso da Carapuchiña vermella en bicicleta, princesas buscando noivo a través dos avisos de xornal, recompensas para atrapar o sapo perverso anunciadas en televisión, premio pola súa captura como viaxes a Disneyworld, cosméticos por un ano, cursos de bicos por correspondencia, en fin, unha serie de alusións a situacións, feitos e elementos propios da época moderna, actualizando as historias e enfrontando os personaxes da tradición oral a situacións de hoxe.

Outra corrente explorada por algúns autores das décadas oitenta e noventa é a que recrea o universo dos mitos, as lendas e os personaxes populares da nosa tradición oral. Máis que creacións orixinais, son reelaboracións propias da oralidade. Entre as máis logradas están: *Koku-yó mensajero del sol* (Carlos Valencia, 1986) e *Travesuras del Tio Conejo* (Carlos Valencia, 1986), de Leopoldo Berdella de la Espriella; *Cuentos para niños de la Candelaria* (Carlos Valencia, 1993), de Elisa Mujica; *Rodapalabra* (Educar, 1993), de Hugo Niño; e *Relatos precolombinos* (Editorial La Balandra, 1995), de Gonzalo España.

En poesía para a nenez o panorama foi desolador. As dúas únicas obras que alcanzaron unha dimensión estética perdurábel e que foron acollidas polo lectorado máis novo son *La alegría de querer* (Carlos Valencia, 1986), de Jairo Aníbal Niño, e *Conjurios y Sortilegios* (Carlos Valencia, 1990), de Irene Vasco.

A nenez, suxeito de dereitos

Só na década dos noventa podemos percibir un cambio na concepción da nenez reflectida nalgúns obras dirixidas ao lectorado máis novo. Libros como *El Sol de los venados*, de Gloria Cecilia Díaz, o *El terror de sexto B*, de Yolanda Reyes, móstrannos os nenos e nenas como personaxes capaces de percibir o mundo dende a súa propia visión, diferenciada totalmente do mundo dos adultos.

Unha gran diferenza dentro da corrente realista márcase con *El sol de los venados* de Gloria Cecilia Díaz. Coñecemos o mundo familiar de Jana, nena de dez anos, a partir da súa propia visión. Jana ten un particular xeito de ver o mundo dos adultos e faino dende a súa sensibilidade e dende os seus dez anos. Jana critica continuamente un mundo que non acaba de comprender. Filla dun matrimonio de clase media habitante dunha cidade de provincia, vainos levando da man pola interioridade do seu mundo afectivo e familiar, até desembocar na dor pola morte de súa nai.

El sol de los venados, ademais de nos entregar esta interioridade sutil, afectiva e tenra de Jana, logra romper co estereotipo do neno bo ou malo, no que usualmente cae o adulto.

Nesta mesma liña da narración subxectiva dun feito real atópase o libro de Irene Vasco *Paso a paso* (Carlos Valencia, 1995). É a historia do secuestro dun home narrada por súa filla maior, de quince anos, Patricia. A medida que a nena vai contando os sucesos relacionados co secuestro, desenvolve unha reflexión crítica –dende a súa mirada adolescente– acerca dos comportamentos e as reaccións que xera un feito tan dramático coma este. Nunha linguaxe íntima, precisa e contida, entretécense os feitos cos afectos e as alusións á realidade dun país que xa se afixo ás desaparicións e aos secuestros. A través do seu re-conto vai configurando as relacións afectivas da súa familia e caracterizando cada un dos personaxes afectados polo feito. Pero quizais o máis pro-

fundo e fermoso deste libro é como o pai se vai facendo máis presente a medida que medra a certeza da súa morte. A vida continúa construíndose día a día, cos momentos máis pequenos e máis cotiáns, na espera (dous anos no tempo interno da obra) dun ser de quen nunca se logra corroborar a súa morte e a quen seguirá esperando sempre, cada vez que alguén bate na porta.

El terror de sexto "B", primeira publicación da escritora Yolanda Reyes, é unha obra renovadora para a literatura infantil colombiana. Sete contos desenfadados, que relatan situacións –unhas divertidas, outras románticas, outras terribes– que lle suceden a diferentes nenos ou adolescentes no colexio. É unha obra “transgresora” na medida en que as historias están contadas dende a perspectiva, ás veces perversa, ás veces crítica, dos nenos e nenas fronte á rixidez do colexio.

Quizais sexan estas tres obras –*El sol de los venados*, *Paso a paso* e *El terror de sexto "B"*– as que marcan camiño en canto á concepción dos personaxes nenos ou mozos, na medida en que as diferentes realidades vividas por eles son entregadas ao lectorado dende a súa propia perspectiva.

148

O escritor que mellor interpretou os nenos pequenos é sen dúbida Ivar Da Coll e é quen presenta un traballo máis coherente e estruturado como proxecto literario. Os seus libros están concibidos nunha dobre creación: a da linguaxe escrita e a da ilustración, e aínda que os textos e as situacións estean construídos como unha totalidade e establezan un diálogo entre si, cada linguaxe á súa vez sostense de seu. Todas as súas obras levan títulos con nome de personaxes: as historias de Eusebio (*Garabato*, *Tengo miedo* e *Tarta de aniversario*); a serie dos chigueros (*Chiguero Abo y Ata*, *Chiguero se va*, *Hammamelis y el secreto*, *Hammamelis y el señor sorpresa*). Isto non é gratuito. Ivar Da Coll crea personaxes que viven conflitos cotiáns propios do universo dos nenos e son estes personaxes tenros, amigábeis, inxenuos, os que quedan a vivir na sensibilidade e o recordo do lectorado máis pequeno.

Na década dos noventa consolidáronse outros espazos que son fundamentais para que a literatura infantil lograra conquistar a súa autonomía e agrandase a súa “frontera indómita”, como con acerto a denomina a escritora argentina Graciela Montes, na conferencia ditada no Seminario de Avaliación da Rede Prolectura, celebrado en Piedras Blancas, Antioquía, en setembro de 1996, e titulada “La frontera indómita o donde se ponen los cuentos”:

Zona de libertad, el primer y último reducto, lo que no se rinde... No es un adorno sino un territorio necesario y saludable, el único en el que nos sentimos realmente vivos, el único en el que brilla el breve rayo de sol de los versos de Quasimodo, el único en el que se pueden desarrollar nuestros juegos antes de la llegada del lobo...

Este territorio ten que ver non só coa escritura para a nenez, senón tamén co que se chamou a animación á lectura, é dicir, ese “hálito de vida” que o lectorado adulto lle infunde ás obras para que esperten e sexan lidas polos seus destinatarios; ten que ver, tamén, coas revistas e demais medios de divulgación, reflexión e crítica da literatura para nenos. Neste campo cabe destacar varias publicacións: a revista *Espantapájaros*, que xa non circula, pero que contribuíu a que os nenos lectores coñecesen textos de autores contemporáneos e que divulgou as primeiras creacións de escritores que están dedicados á literatura na actualidade; ou as revistas *La lleva* e *La barra*, para nenos e mozos, respectivamente, publicacións de Fundalectura que, aínda que tamén deixaron de circular (sempre por razóns de forza maior: os custos de produción e a dificultade na distribución), divulgaron textos e autores da literatura infantil universal, descoñecidos até entón no país, e xeraron en moitos dos seus receptores o desexo de ler libros de calidade.

Outras revistas que cumpren un labor importante na divulgación e na formación da área, dirixidas aos adultos son *Hojas de lectura*, publicación de Fundalectura, e a *Revista latinoamericana de literatura infantil y juvenil*, do IBBY (International Board on Books for Young People), editada por Fundalectura e actualmente en formato virtual.

En síntese, vemos como a literatura infantil no noso país pasou por un proceso de transformación e de crecemento que –aínda que de xeito débil– logrou entrar na corrente da modernidade e logrou interpretar a cultura infantil. É certo que faltan opcións para os escritores e os ilustradores e que hoxe en día marca a pauta o mercado. É certo que os espazos académicos nos que se reflexiona sobre esta literatura son escasos e que aínda falta valorar máis a literatura para a infancia e a mocidade cos mesmos criterios cos que se valora a literatura adulta. Fan falta espazos para a crítica, para as recensións, para as orientacións aos pais e educadores sobre a función cultural que cumpre a literatura. Pero tamén é certo que esta situación segue sendo o reflexo da realidade que vive a nosa infancia. Un país coas condicións de pobreza, desprazamento e

violencia nas que viven os nosos nenos, non pode producir unha literatura forte e vigorosa. E, como dalgún xeito o demostramos no noso traballo, hai unha estreita relación entre a realidade histórica, social e cultural da nenez e o imaxinario que o adulto ten sobre esta. Esta relación non é directa e pode variar de acordo cos procesos de idealización ou proxección que vivan os adultos, pero a pegada está alí e é difícil descoñecela. Só na medida en que o noso país transforme realmente as condicións de vida da súa infancia, nesa medida poderá transformar a literatura que lle ofrece.

Beatriz Helena Robledo

Universidade Javeriana de Bogotá
(Colombia)

Bibliografía

Arciniegas, Ismael Enrique. 1938. *Romancero de la Conquista y la Colonia*. Bogotá: Ministerio de Educación Nacional. Sección de Publicaciones.

150 Ariés, Philippe. 1987. *El niño y la vida familiar en el Antiguo Régimen*. Madrid: Taurus.

Arrubla, Mario. 1979. “Síntesis de Historia política contemporánea”, en *Colombia hoy* (eds. Mario Arrubla *et al.*). Bogotá: Siglo XXI Editores.

Astete, Gaspar. 1931. *Doctrina Cristiana*. Bogotá: Editorial Cromos.

Caballero, Lucas. 1980. *Memoria de la Guerra de los Mil Días*. Bogotá: El Áncora Editores.

Caro, Víctor Eduardo (dir.). 1993-1934. *Chanchito. Revista ilustrada para niños*. Bogotá, Serie completa.

— 1964. *A la sombra del alero*. Bogotá: Imprenta del Instituto Caro y Cuervo.

Carrasquilla, Rafael María. 1915. *Historia y Cuentos para los estudiantes del colegio del Rosario*. Bogotá: Arboleda y Valencia.

Castilla Barrios, Olga. 1954. *Breve Bosquejo de la literatura infantil colombiana*. Bogotá: Aedita Ltda.

Díaz Díaz, Oswaldo. 1940-1941. “Aspecto de la Literatura Infantil”, en *Revista de Las Indias*, nºs 22-26, pp. 427-433.

- Dueñas Vargas, Guiomar. 1993. “Sociedad, familia y género en Santafé la finales de la Colonia”, en *ACHSC*, n° 21, p. 63.
- 1996. *Los hijos del pecado. Ilegitimidad y vida familiar en la Santafé de Bogotá Colonial*. Bogotá: Universidad Nacional de Colombia.
1973. *La Escuela Normal*. Periódico oficial de Instrucción pública. Bogotá.
- Furtado, Julialba. 1974. *Bibliografía de la literatura infantil colombiana*. Bogotá: Centro Regional para el Fomento del Libro en América Latina –CERLALC.
2004. *Giros y reveses: representaciones de la infancia a través de la historia*. Caracas: Banco del libro.
- Gómez Restrepo, Antonio. 1935. “Pombo”, en *Revista Senderos*, n°s 12-23, V.4.
- 1957. *Historia de la Literatura Colombiana*. Bogotá: Litografía Villegas, Biblioteca de Autores Colombianos, 4 vols.
- Groot, José Manuel *et al.* 1925. *El libro del veraneo. Cuadros de costumbres, cuentos, crónicas*. Bogotá: Ediciones Colombia.
- Guerrero, Javier (comp.) 1995. *Cultura y mentalidades en la historia de Colombia*. Bogotá: Archivo General de la Nación. 151
- Gutiérrez de Pineda, Virginia. 1963. *La familia en Colombia. Trasfondo histórico*. Bogotá: Universidad Nacional de Colombia, Facultad de Sociología.
- Helg, Aline. 1987. *La educación en Colombia. 1918-1957. Una historia social, económica y política*. Bogotá: Fondo Editorial CEREC.
- Hernández de Alba, Guillermo. 1936. *Retazos de Historia*. Bogotá: Dirección de Educación Pública de Cundinamarca.
- Jaramillo Arango, Euclides. 1950. *Los cuentos del Pícaro Tío Conejo*. Bogotá: Editorial Iqueima.
- Jaramillo Uribe, Jaime. 1978. *Historia de la pedagogía como historia de la cultura*. Bogotá: CIEC.
- 1980. “El proceso de la educación en Colombia”, en *Manual de Historia de Colombia*. Bogotá: Instituto Colombiano de Cultura.
- Jaramillo Vélez, Rubén. 1994. *Colombia: la modernidad postergada*. Bogotá: Editorial Temis.

- Londoño, Patricia. 1997. *Cartillas y manuales de urbanidad y del buen tono. Catecismos cívicos y prácticos para un amable vivir*, en *Revista Credencial Historia*, edición 85.
- Martínez Boom, Alberto. 1984. “El maestro y la instrucción pública en el Nuevo Reino de Granada”, en *Dos estudios sobre la educación en la Colonia*. Bogotá: Centro de Investigaciones Universidad Pedagógica Nacional.
1859. *El Mosaico. Miscelanea de literatura, ciencias i música*. Bogotá: Imprenta de Pizano i Pérez.
- Mujica, Elisa. 1984. “Raíces del cuento popular en Colombia”, en *Boletín de la Academia Colombiana de la Lengua*, tomo XXXIV, n° 146.
- 1985. *Las altas torres del humo*. Bogotá: Procultura S.A. Presidencia de la República.
- Núñez Segura, José A. 1959. *Literatura colombiana: sinopsis y comentarios de autores representativos*. Medellín: Bedout.
- Orjuela, Hector. 1965. *Biografía y Bibliografía de Rafael Pombo*. Bogotá: Publicaciones del Instituto Caro y Cuervo.
- 1975. *La obra poética de Rafael Pombo*. Bogotá: Publicaciones del Instituto Caro y Cuervo, XXXIV.
- Ortiz, Andrés. *Balance historiográfico sobre los estudios de historia de la educación en la Nueva Granada en la segunda mitad del siglo XVIII*.
- Ortiz, Sergio Elías. 1971. “Santiago Pérez Triana”, en *Revista de la Academia Colombiana de Historia*, n° 16.
- Otero, Jesús María. 1963. *La escuela de primeras letras y la cultura popular española en Popayán. Época Colonial*. Popayán: Imprenta Departamental.
- Otero Muñoz, Gustavo. 1928. *Literatura Colonial y Popular de Colombia*. La Paz (Bolivia): Imprenta Artística.
- 1935. *Historia de la literatura colombiana*. Bogotá: Imprenta de la Luz.
- Reyes, Carlos José. 1988. “El Costumbrismo en Colombia”, en *Manual de literatura colombiana*, t. I. Bogotá: Editorial Planeta-Procultura.
- Robledo, Beatriz Helena. 1997. *Antología de los mejores relatos infantiles*. Bogotá: Presidencia de la República.
- Rodríguez, Pablo. 1995. “Antonia Cabañas: una beata doméstica. La mujer en la época colonial”, en *Revista Credencial Historia*, edición 68.

- 1997. *Sentimientos y vida familiar en el Nuevo Reino de Granada*. Bogotá: Planeta Colombiana Editorial.
- Sáenz Obregón, Javier *et al.* 1997. *Mirar la infancia: pedagogía, moral y modernidad en Colombia, 1903-1946*. Bogotá: Colciencias, Ediciones Foro Nacional por Colombia, Ediciones Uniandes, Editorial Universidad de Antioquia.
- Silva, Renán. 2004. *Saber, cultura y sociedad en el Nuevo Reino de Granada, siglos XVII y XVIII*. Medellín: La Carreta Editores.
- 2004a. *Prensa y Revolución a finales del siglo XVIII. Contribución a un análisis de la formación de la ideología de Independencia nacional*. Medellín: La Carreta Editores.
- Tirado Mejía, Álvaro. 1979. “Colombia: siglo y medio de bipartidismo”, en *Colombia hoy* (eds. Mario Arrubla *et al.*). Bogotá: Siglo XXI Editores.
- 1981. *Aspectos políticos del primer gobierno de Alfonso López Pumarejo. 1934-38*. Bogotá: Procultura S.A. Instituto Colombiano de Cultura.
- VV. AA. 1978-1980. *Manual de Historia de Colombia*, 3 vols. Bogotá: Instituto Colombiano de Cultura.
- VV. AA. 1980. *Manual de Literatura Colombiana*, 2 vols. Bogotá: Procultura. Editorial Planeta.
- Vargas Lesmes, Julián. 1990. *La sociedad de Santafé Colonial*. Bogotá: CINEP.
- Vélez de Piedrahíta, Rocío. 1983. *Guía de Literatura Infantil*. Medellín: Secretaría de Educación e Cultura de Antioquia.
- Venegas, María Clemencia. 1984. “Panorama de la literatura infantil colombiana”, en *Parapara. Panorama de la literatura infantil en América Latina*, pp. 71-88.
- Zapata de Cárdenas, Fray Luis. 1988. *Primer catecismo en Santa Fe de Bogotá*. Bogotá: Consello Episcopal Latinoamericano (CELAM).